

## BOLETÍN INFORMATIVO DA AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE

### Editorial

Por Cándido Prieto

### Orzamentos 2007

Os Orzamentos son o documento máis importante do Concello, pois son a previsión de actuacións e investimentos que se van a realizar o longo do ano. Ademais de iso, son o reflexo dos obxectivos políticos do Grupo de goberno, neste caso do PP. Pois ben, unha vez máis o PP preséntanos un documento sen ambicións e o que máis sorprendente, a pesares de estar en ano de eleccións municipais, non hai ningún proxecto a destacar; moita debe ser a confianza que teñen en voltar a gañar, cando non se molestaron nin en cumprir as súas promesas electorais, como aquela de asfaltar os frontes de tódalas casas do Concello, promesa que eles mesmos recoñeceron que era imposible de cumprir e inverosímil. Tampouco non sabemos nada da adquisición de terreos para a construción

### Contido

EDITORIAL	1
Reunion co Delegado da COPTOPT	1
Casa rural de Viladoniga	2
Aprobada a lei de Dependencia	2
Reunion co Delegado da Conselleria Medio Ambiente	3
Catro anos de traballo	3
Cousas de interese	4

de vivendas sociais, nin moito menos do parque eólico singular de Francoi. Pero ben, o que máis nos chamou a atención do documento foron os lamentos na memoria da Alcaldía pola suba das tarifas eléctricas e dos carburantes que segundo a Alcaldesa incrementaran "notablemente" os gastos correntes, como se ós demais, non nos afectara. Pero chegados a este punto O PP dota unha partida de 20.000€uros para "altos cargos" ou sexa para cobrar un soldo a Alcaldesa ou o seu "Delfín", dende logo facéndoo tan ben meréceno.

## REUNION CO DELEGADO DA CONSELLERIA DE POLITICA TERRITORIAL



En Xullo de 2006, reuniámonos na Coruña co Delegado Provincial da Consellería de Política territorial Jacinto Parga, para falar principalmente da axilización dos tramites para aprobar o primeiro Plan de Urbanismo do Concello de Cerdido. El comprometéase a facer todo o posible para axilizar eses tramites, o mesmo tempo que se amosaba receptivo as demandas de melloras en estradas coma a AC862, VAC do Ortegal etc... tamén nos comentaba que se ía a estudar a posibilidade de autorizar pasos de peóns en Felgosas e na Avispeira, así como mellorar e reforzar o firme en varios sitios.

## CASA RURAL DE VILADONIGA



Ano de comezo:2002

Orzamento:250.000 €uros( sobre cuarenta e un millón das antigas pesetas). O Concello quere abri-la a toda costa en Xullo deste ano

pero nos dubídamos que estea en condicións;iso si sacouna a licitación para a súa xestión en mans privadas pois non conta con medios humanos nin económicos para xestionala.O curioso do caso, e que o que a xestione , terá que poñer case todo, pois nin os radiadores eléctricos da calefacción vai ter(o PP dixo que iso pouco custa) por que a cantidade de reformas que se levan feito para aforrar son de chiste.Dende cambiar un pasamáns de madeira por outro de aceiro ata non contar que chegara alí o alcantarillado e agora hai que reformar o proxecto inicial de fosa séptica.Como vedes chapuza tras chapuza outra vez.

## APROBADA A LEI DE DEPENDENCIA

O PSOE cumpriu o 30 de Novembro de 2006 un dos compromisos máis importantes nesta lexislatura, aprobar a Lei de Dependencia. Hoxe en España os cidadáns teñen recoñecido por lei un novo dereito universal: **recibir atención e coidados do Estado cando non se poden valer por si mesmos**. Os maiores e as persoas con discapacidade e as súas familias, xa non están sos e sen axuda, como estiveron ata agora.A lei creara o sistema de Autonomía e Atención a Dependencia para garantir a atención e a protección as persoas en situación de dependencia en todo o territorio do Estado, coa participación de tódalas Administracións Públicas dentro das súas competencias.Este sistema será o 4º pilar do estado de benestar, os outros tres son: O Sistema nacional de Saúde(ano 1986), educación básica, obrigatoria e gratuíta(ano 1985) e o dereito de todo cidadán a unha pensión cando non teña outra vía de ingresos(ano 1990). **Os catro foron creados por gobernos do PSOE**, xunto con outras melloras substanciais na mellora das prestacións de desemprego.O procedemento de recoñecemento da Dependencia iniciarase a instancia dos cidadáns que poderán solicitar a avaliación do grao de dependencia dende este mesmo ano e serán avaliados polos órganos que determinen as Comunidades Autónomas.Establécense tres graos de dependencia: Grao I: dependencia moderada, Grao II: dependencia severa, e Grao III: gran dependencia.A implantación deste sistema farase de forma progresiva(oito anos), empezando este ano a recibir prestacións os de grao III.

## REUNION CO DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE

Seguindo coas reunións con Delegados reuniámonos tamén na Coruña con Manuel Tajés Delegado da Consellería de Medio Ambiente nun momento crucial para os Plans de Urbanismo pois unha normativa Europea facía perigar a aprobación de moitos Plans, entre eles o de Cerdido por carecer de EDAR en algúns núcleos urbanos(aquí hai pequenas fosas sépticas que nin sequera están ben feitas), o Delegado dábanos todo o seu apoio e manifestábanos que xa tiña falado co Conselleiro do tema e que non habería problema para superar o informe medioambiental. Tamén falabamos de outros temas coma estado dos ríos, dotación de contedores, etc.. o Delegado amosouse sorprendido de que o Concello de Cerdido non solicitara contedores dende o ano 2004, sendo o único Concello do Ortegal que non solicitara entre 2005 e 2006. Para nós esa apatía non supoña ningunha



sorpresa pois sabiamos que nin sequera se molestaran en solicitar entrevistas con ningún cargo; e máis cando veu a Delegada de Presidencia, veu por iniciativa propia, xa que faláramos nunha reunión que tiveramos con ela de facer unha visita a Cerdido. Pois así están as cousas resulta que a oposición movese e desprazase, e o Grupo de goberno PP dedícase a facer política dende o despacho e a taberna. Dende o PSdeG-PSOE de Cerdido sempre fixemos unha oposición leal en temas de interese para o Concello, axudando en todo o que puidemos e nos deixaron, supoñemos que se fose o revés outros farían o mesmo por nos ¿ou non?.

## CATRO ANOS DE TRABAJO

*Por Benigno Galego*

Agora que se acercan as eleccións e hora de facer balance das actuacións dos distintos Grupos Políticos representados no Concello. Dende o PSdeG-PSOE de Cerdido fixemos un traballo de oposición leal nos temas que tiñamos que sacar adiante para que Cerdido prospere, pero contundente diante das tropelías que nos quixo impoñer o Partido Popular. Presentamos 14 Mocións entre elas: posta en marcha da recollida de enseres, Punto de información do Servizo Galego de Colocación (que evita ter que ir As Pontes a renovar a cartilla do Paro), Cita Previa e Sintrom, Solicitude de melloras no sinal da Televisión Dixital Terrestre, Solicitude de que a páxina web do Concello estea tamén en Galego e moitas máis que por

razón de espazo non collen neste Boletín. Presentamos un cento de preguntas e rogos ,para o arranxo de pistas, dotación de contedores, colocación de espellos a saída de cruces (entre eles o da saída do Centro de Saúde pola Caixa que aínda esta pendente), alumeadado público, sinalización de núcleos, accesos e alumeadado as vivendas sociais, reparación da ponte da Cuqueira, melloras nas marquesinas, eliminación de barreiras na Casa da Cultura ¿Por certo que foi dese proxecto subvencionado e aprobado pola Deputación onde se ía a mellorar tamén o aparcadoiro, Sra. e Sres. do PP?, que xa choveu dende entón, ¿Están esperando o mes das eleccións para facelo?, ¿Ou perdeuse a subvención por non presentar proxecto en prazo e forma?



**PSdeG-PSOE**

Casa do Concello s/n.Felgosas  
A Barqueira. Cerdido.15569  
Contacta con nós:  
**www.psoeortegal.org**  
**psoecerdido@terra.es**



O Pavillón de Deportes, sufriu os últimos temporais, o que hai que engadir as goteiras e filtracións de auga polas gradas debido a súa construción nun talude. Esperemos que o Concello solucione esas deficiencias e tape a “ventilación”.

**¿LEMBRAS AS TAXAS MUNICIPAIS DA AUGA PARA 2007?**

AUGA .Por dereitos de conexión a rede xeral	Importe	
	60, 10 €uros	
b.- Por consumos: 1.- Ata 10 m3 / mes 2.-De 10 a 30m3 / mes 3.-Máis de 30m3/mes  Establecese unha cota mínima de 10 euros o ano máis ive que se unira a cota de consumo.		
	0,18 euros/m3/mes	
	0,24 euros/m3/mes 0,42 euros/m3/mes	

**Nova taxa de expedición de documentos(informes e certificacións catastrais)**

No penúltimo Pleno Municipal o PP propuxo unhas taxas por expedición de documentos que van dende os 10 €uros por expedición de certificado ata os 600€uros por Expediente de aprobación a instancia de parte de calquera instrumento de desenvolvemento do PXMOU. O PSdeG-PSOE de Cerdido votou en contra, por entender que estes servizos deberían ser gratuítos para todolo@s veciño@s. Non se pode gravar a cidadanía por estes servizos. **A ordenanza foi aprobada cos votos a favor de PP e BNG.**

**MAIORIA ABSOLUTA**

Dende que chegou a democracia o PP gobernou sempre con ampla maioría absoluta, tendo na oposición durante moitos anos o PSdeG-PSOE e dende o 99 tamen o BNG. Os Socialistas sempre defendemos a pluralidade e pensamos que tódalas sensibilidades dos veciños deben estar representadas no Concello; pois esa idea que transmitiu o PP de “non te metas en política que e moi porca” tiña unha clara intencionalidade de ter adormilada a xente para así eles poder argallar as súas anchas. Os tempos nos que a xente falaba as agachadas de política e miraba quen estaba o seu arredor antes de falar, por fortuna xa pasaron e os veciños que non son parvos, saben moi ben como sacar adiante este Concello. E por iso que os Socialistas escoitamos as súas queixas e atendemos os seus e-mails para elaborar o noso programa electoral, procurando recoller tódalas sensibilidades veñan de quen veñan sen distinción de